



Concello de Cangas

## **“XVIII BANDEIRA CONCELLO DE CANGAS DE BATEIS”**

Cangas, 23/03/2017

O Club de Remo Vila de Cangas ven de presentar a “XVIII Bandeira Concello de Cangas de Bateis” que terá lugar o vindeiro sábado 25 de marzo a partir das 16:00 horas na escollera do Porto de Cangas.

Trátase dun evento consolidado no tempo, que este ano congregará a 13 clubs Chapela, Virxe da Guía, Robaleira, Meira, Tirán, Bueu, Cesantes, Coruxo, Vilaxoán, Ría de Marín, Mecos, Amegrove e o Vila de Cangas.

Os máis de 700 deportistas asistentes competirán nas categorías alevín, promesa, xuvenil e absoluta feminina e alevín, infantil, cadete, xuvenil e absoluto masculino.

A cita deportiva foi presentada no Concello pola secretaria do Vila de Cangas, M<sup>a</sup> Carmen Rodal, e polo Concelleiro de Ensino e Deporte, Xoán Chillón. Desde a concellaría agradecen a colaboración do club, destacando a relevancia deste evento no mundo do remo, e animan á veciñanza de Cangas e da Comarca a participar nesta “XVIII Bandeira Concello de Cangas de Bateis”, que tantos éxitos acadou en edicións anteriores.

*Gabinete de comunicación*